



Concello de Ortigueira

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DO CONTRATO

Expte: 1576/2024

Asunto: Contratación obras: **Melloras na Residencia de Anciáns Dolores Diaz de Dávila**

De conformidade co artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) emítese o presente INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DO CONTRATO, características e importe calculado, co fin de posibilitar a elaboración dos correspondentes pregos de condicións administrativas.

1. OBXECTO E NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER

OBXECTO: Obras comprendidas na Memoria valorada “Melloras no interior de residencia de anciáns Dolores Diaz de Davila”, por importe total de licitación 50.000,00 euros, redactada pola Arquitecta técnica municipal Marta Cortes Sierra (CV: 7RYGTZNSAN64PJ59Q3XD55J5J)

CPV081 : 45210000-2 traballos de construción de inmobles

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO

As obras a executar teñen por obxecto a mellora das condicións actuais de salubridade e utilización, dos usuarios da residencia de anciáns.

A actuación consiste na reparación de varios aseos das habitacións da planta primeira, pintura de paredes e teito que sufriron filtracións de auga, e substitución de dúas fiestras da cuberta da cociña

A execución destas actuacións encádrase dentro das obrigas, asumidas no seu día polo concello, de mantemento e conservación das instalacións, da estrutura arquitectónica e instalacións de enxeñería da devandita residencia e das atribucións que lle confire o artigo 25.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, que establece que as entidades locais poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e competencias propias en atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, con carácter de servizo mínimo obrigatorio, segundo os artigo 25.2 e) da citada Lei 7/1985, d

2. LOTES

DIVISIÓN EN LOTES: Non

ESPECIFICACIÓN DOS LOTES: Non

Xustificación:

A non división da licitación en lotes xustifícase no informe subscrito pola Arquitecta técnica municipal Marta Cortes Sierra emitido o día 24.07.2024 polas seguintes razóns:

“Dende o punto de vista técnico é viable a división en lotes, pero podería xustificarse a súa non división en lotes por motivos técnicos, xa que provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións, o que dificultaría a correcta execución do investimento.”





Concello de Ortigueira

3. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN

TRAMITACIÓN : Ordinaria

PROCEDIMIENTO PROPOSTO: Aberto simplificado sumario

Xustificación: De conformidade co establecido no artigo 159.6) da LCSP.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN

Xustificación:

Segundo se fai constar no informe emitido pola Arquitecta técnica municipal

“Os prezos e medición do proxecto calculáronse tendo en conta os prezos habituais na zona para este tipo de obras, tanto para xornais, materiais, maquinaria, prezos auxiliares, etc.”

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

ORZAMENTO SEN IVE: 41.322,31 euros.

Importe modificacións previstas sen ive: 0

Importe das prórrogas previstas sen ive: 0

Importe prima ou pagos a contratistas: 0

VALOR ESTIMADO TOTAL:41.322,31 euros.

IVE: 8.677,69 euros.

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVA INCLUÍDO): 50.000,00 euros.

Fíxase por prezos unitarios: Si

No seu caso, identificación destes: Segundo Memoria técnica valorada

PLURIANUAL: Non

No seu caso, identificación anualidades:

Anualidade 2024: 50.000,00 euros

FINANCIAMENTO:

Consorcio Galego de Igualdade e Benestar	50.000,00
------------------------------------------	-----------

5. DURACIÓN DO CONTRATO

PRAZO DE DURACIÓN/ EXECUCIÓN catro meses

Prazos parciais: Non

PRÓRROGAS: Non

6. ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA ADXUDICACIÓN



Concello de Ortigueira

6.1. Especificacións respecto da presentación de propostas.

PRAZO PROPOSTO: 10 días hábiles

6.2.- Garantías

Garantía provisional.- NON

Garantía definitiva.- NON

6.3.- Unidade técnica de Contratación

Conforme ao disposto no artigo 159.6.b) de la LCSP, a valoración das ofertas realizarase coa colaboración dunha unidade técnica que auxilie ao órgano de contratación integrada polas seguintes persoas:

-Un funcionario do Departamento de Secretaría

-A persoa titular da Secretaría Xeral, ou quen legalmente a substitúa

-A persoa titular da Intervención Municipal, ou quen legalmente a substitúa

7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE POR FÓRMULAS

1- Prezo: 45 puntos

Se calculará aplicando a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>). Fórmula 2020.

Para este proceso de cálculo se utilizarán números de 2 decimais, aplicando o redondeo que por exceso ou defecto correspondan

2.- Por ampliar o prazo de garantía: 15 puntos, a razón de 5 puntos por cada ano de ampliación de garantía da obra, cun máximo de 3 anos.

Só se valorará a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 4 anos (é dicir, o prazo inicial de 1 ano máis 3 anos). Non se puntuarán fraccións de ano. Se algunha oferta presentase maior prazo de garantía do previsto no parágrafo anterior terá 0 puntos. Con todo, aínda que, se puntúe con 0 puntos caso de resultar adxudicataria, a empresa deberá cumprir o prazo de garantía máximo de 4 anos (1 inicial + 3).

3.- Por redución do prazo de execución: 40 puntos, a razón de 5 puntos por cada semana de redución do prazo ofertado

ESPECIFICACIÓN DE PARÁMETROS PARA APRECIAR OFERTAS CON PRESUNCIÓN DE VALORES DESPROPORCIONADOS O ANORMAIS:

Considerarase, en principio, como anormal ou desproporcionada a baixa de toda proposición económica cuxo criterio prezo atópese nalgún dos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. No suposto de detectar algunha baixa desproporcionada estarase ao disposto no artigo 149 LCSP.

Considérase que os criterios “ampliación do prazo de garantía” e redución de prazo de execución carecen de relevancia económica para os efectos de determinar as ofertas que poidan incurrir en





Concello de Ortigueira

presunción de anormalidade

8.-CRITERIOS DE SOLVENCIA/CLASIFICACIÓN

8,1 Económica e financeira.

Volume de negocios: Volume anual de negocios referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de comezo de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por importe igual ou superior a unha vez e media do valor estimado do contrato.

8.2. Técnica

Experiencia: Execución de dous contratos de natureza análoga durante o últimos 3 anos, sendo o importe mínimo esixible o correspondente ao 70 % valor estimado do contrato.

*Conforme ao disposto no artigo 88.2 da LCSP, cando se trate dunha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a 5 anos, como solvencia técnica, o empresario deberá contar con:

- Relación do equipo mínimo: xefe de obra ou encargado de obra con experiencia neste tipo de proxectos, un oficial de primeira e polo menos dous peóns comúns.

* Clasificación: pese a non ser esixible, considerase que licitador cumpre cos requisitos de solvencia económica e financeira, e técnica, se posúe a clasificación: Grupo C: Edificacións; Subgrupo 4: Albanelería, revocos e revestidos; Categoría 1: por ser inferior a 150.000 euros.

En todo caso, neste procedemento e en virtude do disposto no artigo 159.6 b) LCSP, **eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional**. Con todo, deberán posuír a solvencia mínima esixida, aínda que estean exentos da súa acreditación

9.- ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA EXECUCIÓN (OBRAS)

9.1.- RESPONSABLE DO CONTRATO : Directora facultativa da obra

9.2.- Proponse ADSCRICIÓN MÍNIMA DE MEDIOS: NON

9.3.- RESPONSABLE SEGURIDADE E SAÚDE e titulación esixida: arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico.

9.4.- Proponse a determinación previa de subcontratistas: NON

9.5.--Presentación preceptiva de programa de traballo: NON

9.6.-Proposta de previsión de supostos de modificación do contrato: NON

9.7.-REPRESENTANTE DA ADMINISTRACIÓN NA RECEPCIÓN DA OBRA: Arquitecta técnica municipal.

9.8.-DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA.: A designar polo órgano de contratación





Concello de Ortigueira

9.9.- PRAZO DE GARANTÍA: Un ano

9.10.- PREZOS PARA O SUPOSTO QUE O CONTRATO CONTEÑA PRESTACIÓNS DISTINTAS Á OBRA: Non

9.11.- CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

A promoción da reciclaxe de produtos. Para os efectos da xustificación polo contratista da promoción da reciclaxe de produtos durante a execución da obra, deberá achegarse á súa finalización a seguinte documentación xustificativa:

- Albarans de entrega de material en xestor autorizado.
- Panel informativo da xestión de residuos durante a obra.

Os gastos derivados da realización da condición especial da execución establecido na presente cláusula serán a cargo exclusivo do contratista

Xustificación: Considérase adecuada a promoción do reciclaxe tendo en conta a natureza do contrato e súa vinculación co medio natural.

CARTEL DA OBRA: Ao inicio da execución das obras a empresa adxudicataria esta obrigada a colocar, pola súa conta, un cartel informativo da obra no que deberá figurar o logotipo da Xunta de Galicia na mesma proporción que o logotipo do Concello de Ortigueira.

Protección de datos de carácter persoal

As partes quedarán sometidas ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/ e Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O Concelleiro delegado de Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural

Jaime Vicente Ponce Piñón

Documento asinado electronicamente

